

O XEONLLO DE CLAIRE

Éric Rohmer, 1970

959

ESTREA EN NUMAX: 07.07.2020 | V.O.S.E. | +12 | 105 min.

Jerome, un escritor de mediana idade, tenta conquistar durante as súas vacacións a Claire, unha rapaza de 17 anos que ten mozo. Instigado por unha amiga novelista, leva adiante unha operación de sedución que ten moito de afirmación persoal.

«Un dos cumios do cinema mundial»

Jessica Kiang, EL PAÍS



«Un filme perfecto na súa clase»

Vincent Canby

O xeonllo de Claire, que vén de ser estreada no Playhouse da rúa 68 de Nova York, está moi preto de ser un filme perfecto dentro da súa clase. Unha comedia afectuosa e intelectual que apenas ten antecedentes no cinema mundial se exceptuamos o seu anterior filme, o notable *A miña noite con Maud* (1969). Trátase dun filme que procede dunha sensibilidade e dunha tradición literarias sen por iso deixar de ser superlativa como o foron *Intolerancia* (D. W. Griffith, 1916), *Paixón dos fortes* (John Ford, 1946), *A ventá indiscreta* (Alfred Hitchcock, 1954) ou *Le Gai Savoir* (Jean-Luc Godard, 1969), filmes que cito xustamente porque non se parecen en nada ao de Rohmer.

O xeonllo de Claire é o quinto dos "Seis contos morais" de Éric Rohmer e cada un deles está deseñado como unha variación do anterior. Vemos sempre un home que, namorado dunha muller, sente certa atracción por outra á que finalmente rexeita pola primeira. Porén, o miolo dos contos morais de Rohmer reside non tanto nas variacións e contrastes entre filmes como nas diferentes capas de sentido e experiencia que contén cada un deles.

Dos tres contos morais que puiden ver até o de agora, incluída *Maud* (o terceiro) e *A coleccionista* (o cuarto, que aínda non foi estreada), *O xeonllo de Claire* é de lonxe o máis fascinante. É máis accesible e máis complexo que *Maud*, respondendo máis á emoción da experiencia que a unha narrativa convencional. O lugar da historia atopámolo preto de Annecy, no leste de Francia, non moi lonxe da fronteira con Suíza, nunha comunidade encantadora e algo desfasada que convive á beira dun lago. O tempo non pode ser máis exacto, comeza un luns 29 de xuño e remata un mércores 29 de xullo. Entre outras cousas o filme trata da disciplina dun home civilizado que tenta manter a súa saúde, incluíndo o concepto do tempo. Jerome, un diplomático na trintenta, está comprometido con Lucina a quen agarda encontrar en breve en Estocolmo pero antes viaxa a Annecy para vender a casa na que pasaba as vacacións de neno. Alí atopa a Aurora, unha brillante novelista que precisa inspiración para o seu novo libro e predispón a Jerome para deixarse atraer pola adolescente Claire, cuxo xeonllo o ten obsesionado.

O xeonllo de Claire séntese como un elegante conto de fadas nunha serie de encontros encantados que teñen lugar nun lago, en xardíns con plantas en flor e interiores propios de Vermeer. Todo neste filme, comezando polo lago, ten contornos ben definidos, Aurora e Jerome seguen un patrón de comportamento estrito. Aínda que poidan parecer románticos, pois falan todo o tempo de amor e amizade, a súa actividade é do máis refinada. Cando exploran as súas emocións e poñen a proba os seus sentimentos é como un deporte para estetas. Cada encontro convértese, desde a educación, nun confrontación perigosa propia de gladiadores.

Baixo estas capas superficiais, *O xeonllo de Claire* trata sobre a autodecepción, a crueldade, a arrogancia e sobre todo o sexo. Non é azaroso que a fermosa e descarada Claire sexa a única que teña unha vida sexual completamente desinhibida e satisfactoria. Trátase, en suma, dun dos filmes fisicamente máis fermosos dos últimos anos e debera eliminar para sempre a idea de o talento de Rohmer sexa máis literario ca esencialmente cinematográfico. O xeonllo de Claire é tan divertida e emocionante, está tan inmaculadamente realizada, que ningún intento ordinario de describila pode facerlle xustiza.